

NOME CIENTÍFICO

Platanus hispanica

Descrición:

Trátase dunha árbore de folla caduca e gran envergadura, podendo acadar os 35-40 metros de altura. O seu tronco é recto, cun diámetro que pode chegar ós tres metros. A súa codia e fina, de cor esbrancuxada e se desprende en pequenas placas.



108

As flores se agrupan en inflorescencias que, a súa vez, aparecen por pares.


Familia: Platanaceae

Orixe: España (por hibridación)

Nome común: Plátano de sombra



109



111



110

As súas follas son moi parecidas ás do arce, tri ou penta-palmitíferas, e cunhas dimensións de 12-22 de longo e 12-30 de ancho.

Os froitos son pequenos aquenios agrupados en infrutiscencias globosas e “peludas” duns 3-4 cm de diámetro. Maduran a finais de verano e permanecen no árbore ata a seguinte primavera.

Platanus hispanica

Hábitat

É a variedade de plátano máis común en Europa occidental e, dende logo, na península ibérica. Moi habitual en parques, xardíns e cunetas de estradas de zonas temperadas, en parte debido a que resiste bastante ben a contaminación e o apelonamento das súas raíces. Resiste relativamente ben o frío invernal e o vento.

Usos ou propiedades

Con anterioridade a aparición do coche, era moi habitual plantar esta árbore nas cunetas das estradas para así poder dar sombra ós lentos carros, carruaxes e dilixencias (todos eles de tiro animal) durante os cálidos veráns das zonas mediterráneas. De aí procede o seu nome. A súa madeira é dura, clara e resistente polo que se utiliza en ebanistería.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

Simboliza a sombra protectora que dá sabedoría. O plátano máis célebre da historia e o famoso plátano de Hipócrates. Baixo a súa sombra ensinaba aos seus discípulos e redactou o Xuramento Hipocrático, base deontolóxica da medicina moderna. Os ingleses chámano “Plátano de Londres” xa que consideran que é unha especie que apareceu por hibridación en Inglaterra.